

01.09.2010



Ler en castelán 

DON LUIS QUINTEIRO FIUZA,

BISPO DE TUI-VIGO

Tendo en conta as disposicións canónicas relativas á figura do Arcipreste, contidas nos canons 553-555 do Código de Dereito Canónico, en relación co establecido no art. 12, a) dos Estatutos do Consello Presbiteral aprobados en 7 de outubro de 1987 (Boletín do Bispado, pp. 495-496), oído o Colexio de Consultores, polas presentes

DECRETO

Que o establecido no mencionado art. 12, a):

12. Integraranse no Consello Presbiteral como membros electivos do mesmo:

- a) un representante de cada un dos arciprestados da Diocese, que asumirá, ademais, a función de arcipreste, previo o nomeamento episcopal, quede de aquí en diante redactado deste xeito:*

12. Integraranse no Consello Presbiteral como membros electivos do mesmo:

- a) un representante de cada un dos arciprestados da Diocese.*

Dado en Vigo, a 19 de marzo, Solemnidade de San Xosé, Esposo da Virxe María, do ano dous mil once

Por mandato

Alfonso Fernández Galiana,

Chanceler-Secretario